



DATOS IDENTIFICATIVOS

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés

Materia	Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés			
Código	V01G180V01302			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Hawthorne , Kaye Louise			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, traballando xa nun nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma (equivalente a C1.1. do MCERL).			

Competencias

Código	Descrición
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.

B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C7	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.
C8	Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
C9	Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.
C11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión.	A1 A2	B1 B5	C1
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo.	A1 A2 A4 A5	B1 B5	C1
Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12	C1 C2 C7 C8 C9 C11
Ser capaces de comprender textos de natureza xurídica e administrativa identificando o campo temático e o xénero textual			
Comprensión dos aspectos gramaticais indispensabeis para a organización do discurso oral.	A1 A2	B1 B5	C1 C7
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados da lectura e redación de textos	A1 A2 A3 A5	B1 B5	C8
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse oralmente e por escrito co vocabulario e organización apropiados	A1 A2 A4	B1 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12	C1 C7 C8 C9 C11
Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos.	A5		

Contidos

Tema

I. Use of English	<p>At an advanced level (C1.1):</p> <ol style="list-style-type: none"> Conditionals; collocations. Dependent prepositions; prepositional phrases. Wishes and regrets, Unreal tenses; idioms and fixed expressions. Modals and semi-modals 1; word formation 1. Relative clauses; connotation. Phrasal verbs; collocations with 'have', 'do', 'make', 'take'. Reason, result and purpose; collocations for work and business. Modals and semi-modals 2; adjectives. Future forms; collocations to describe cities. Participle clauses; word formation 2. Reported speech; vocabulary about fashion. -ing forms; fixed phrases and collocations. C1-level vocabulary for each of the topics covered.
-------------------	---

II. Listening	<p>1. Listening to audio recordings and videos at an advanced level (C1.1.): set in a variety of situations, with one or more speakers, talking about themselves, talking about other people, different cultures, jobs, or giving instructions.</p> <p>2. Listening to authentic (video or audio) talks, lectures, podcasts, news items, interviews, and shows.</p>
III. Speaking	<p>1. Speaking about oneself and other people, role playing, discussing, comparing and contrasting, making decisions, expressing opinion, highlighting, using supportive expressions, linkers and academic language, at an advanced level (C1.1.).</p> <p>2. Responding to oral, visual and written prompts, at an advanced level (C1.1.).</p>
IV. Reading	Reading and analysing texts from various sources (newspapers, magazines, books, leaflets, brochures, etc) and about different topics (other cultures, celebrities, instructions, jobs, technology, cities, business, etc.), at an advanced level (C1.1).
V. Writing	<p>At an advanced level (C1.1):</p> <p>1. Informal and formal writing</p> <p>2. Emails and letters</p> <p>3. Essays</p> <p>4. Reports</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	12	0	12
Debate	10	10	20
Obradoiro	10	16	26
Aprendizaxe colaborativa	4	10	14
Resolución de problemas de forma autónoma	10	30	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	16	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	16	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia, os seus obxectivos, a metodoloxía que se empregará e o sistema e datas de avaliación.
Lección maxistral	Exposición dos contidos de gramática e vocabulario. As explicacións teóricas acompañaranse de exercicios ou outras actividades a desenvolver polo alumnado.
Debate	Discusións organizadas sobre temas específicos relacionados cos contidos do curso.
Obradoiro	Traballo individual ou en grupo para preparar as probas prácticas do curso: tomar notas e facer resumos de artigos, audios ou vídeos e elaboración de guións ou esquemas para presentacións e monólogos.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en pares ou grupos: realización de exercicios prácticos relacionados cos contidos do curso.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo individual: realización de exercicios prácticos relacionados cos contidos do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Debate	Cando sexa preciso, o profesorado prestará axuda personalizada ao alumnado na aula.
Obradoiro	Cando sexa preciso, o profesorado prestará consello e resolverá dúbidas durante a revisión de modelos escritos/orais ou durante o proceso de elaboración de textos escritos/orais.
Aprendizaxe colaborativa	Cando sexa preciso, o profesorado prestará consello e resolverá dúbidas durante a resolución de exercicios/elaboracións de materiais escritos/orais xerados en pares ou grupos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Cando sexa preciso, o profesorado prestará consello e resolverá dúbidas durante a resolución de exercicios de forma individual.

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas escritas para avaliar os compoñentes Use of English (20%) e Reading (20%).	40	A1 A2 A3 A5	B1 B5 B8 B11 B12	C1 C7 C8 C11
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas orais e escritas para avaliar os compoñentes Writing (20%), Listening (20%), Speaking (20%).	60	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12	C1 C2 C7 C9 C11

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª EDICIÓN DE ACTAS

Avaliación continua:

O proceso de avaliación arriba descrito está deseñado para o alumnado que asista regularmente a clases. O alumnado que non poida asistir con regularidade por algunha razón xustificada deberá comunicarllo ao profesorado a principios do cuadrimestre e será avaliado polo sistema de avaliación única (explicado abaixo).

Na primeira edición de actas, o progreso do alumnado será avaliado a través dunha serie de exames que avaliarán o uso da gramática e vocabulario, a comprensión e expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita. As probas de expresión oral acordaranse co profesorado coa debida antelación. Os exames dos compoñentes "Use of English" e "Reading" terán lugar na data fixada no programa da materia que se lle presenta ao alumnado na primeira sesión, aproximadamente a mediados do cuadrimestre. Os exames dos compoñentes "Writing", "Listening" e "Speaking" terán lugar no período de exames en decembro/xaneiro e coincidirá coa data de oficial de exame de avaliación única aprobada pola Xunta da FFT.

É obrigatorio presentarse a todos os exames parciais; de presentarse unicamente a un parcial, a/o estudante perderá a avaliación continua e deberá presentarse á segunda edición de actas en xullo con toda a materia.

Para facer media entre os dous exames, a nota de cada 'compoñente' (Use of English, Reading, Speaking, Listening, Writing) debe de superar unha cualificación de **4 sobre 10**. Para superar a materia, terase que acadar unha puntuación **mínima de 5 puntos para cada compoñente**.

No caso de acadar un suspenso na nota global na primeira edición de actas, se o/ alumno/a aproba un ou máis compoñentes, gardaráselle a nota dese(s) compoñente(s) polo que so terá que recuperar as partes suspensas na segunda edición de actas (xuño/xullo).

A asistencia ás aulas é altamente recomendable e aconsellable.

Se un/ha alumno/a, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algunha proba, deberá falar co/a profesor/a, con anterioridade á data de realización da proba. Os exames parciais considéranse oficiais, e polo tanto, un cambio de data debe de estar sempre suficientemente xustificado (accidente, operación quirúrxica ou falecemento de familiar en primeiro grado na data exacta do exame).

Avaliación única

Para o alumnado que escolla dende o comezo do curso o sistema de avaliación única, a nota deste exame constituirá o 100% da cualificación final. A proba terá cinco compoñentes (Use of English, Reading, Speaking, Listening, Writing) cun peso de 20% cada un. Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para cada compoñente.

A data deste exame único será a establecida pola Xunta de FFT para o período de exames.

2ª EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que non se presente ou suspenda ao final do cuadrimestre (primeira edición de actas) poderá presentarse aos exames de xuño/xullo nas datas que marque o calendario oficial do centro.

Para as/os estudantes que non se presentaran antes (1ª edición), a proba terá cinco compoñentes (Use of English, Reading, Speaking, Listening, Writing) cun peso de 20% cada un. Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para cada compoñente.

Aqueles/as alumnos/as que se presentaran na primeira edición de actas pero foran cualificados/as con *Suspense* poderán facer unicamente os compoñentes nos que non acadaran un 5, conservándose as notas dos compoñentes aprobados (nesta convocatoria soamente).

OUTROS COMENTARIOS

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores ou de calquera outro aparello electrónico, con ou sen conexión a Internet.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de actividade suporá un cero nesa parte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

O'Dell, Felicity and Annie Broadhead, **Objective Advanced. Student's Book without answers**, 4th ed., Cambridge University Press, 2014

O'Dell, F. & A. Broadhead, **Objective Advanced. Workbook with answers**, 1st ed., Cambridge University Press, 2014

Bibliografía Complementaria

Bailey, S., **Academic Writing. A Handbook for International Students**, 2nd ed., Routledge, 2006

Carter, M & M. McCarthy, **Cambridge Grammar of English**, 1st ed., Cambridge University Press, 2006

Carter, R., M. McCarthy, G. Mark & A. O'Keeffe, **English Grammar Today. An A-Z of Spoken and Written Grammar [with workbook]**, 1st ed., Cambridge University Press, 2011

Craven, M., **Real Listening and Speaking 4 (C1 Advanced)**, 1st ed., Cambridge University Press, 2011

Driscoll, L., **Real Reading 4 (C1 Advanced)**, 1st ed., Cambridge University Press, 2008

Haines, S., **Real Writing (C1 Advanced)**, 1st ed., Cambridge University Press, 2008

Haines, S., **Vocabulary for Advanced**, 1st ed., Cambridge University Press, 2012

Hancock, M., **English Pronunciation in Use**, 1st ed., Cambridge University Press, 2003

Hewings, M., **Grammar for CAE and Proficiency. Self-study Grammar Reference and Practice**, 1st ed., Cambridge University Press, 2010

Vince, Michael, **Macmillan English Grammar in Context**, 1st ed., Macmillan, 2008

Zemach, D & L.A. Rumisek, **Academic Writing: From Paragraph to Essay**, 1st ed., Macmillan, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Outros comentarios

- Recoméndase cursar esta materia tendo xa un nivel de lingua inglesa intermedio alto (equivalente a B2 do MCERL). O alumnado Erasmus debería de ter certificado o nivel B2 do MCERL, como mínimo, para poder cursar esta materia. O alumnado Erasmus pode solicitar un breve exame de diagnóstico co/a profesor/a para verificar se está preparado para este curso.

- É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma FAITIC (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

-A asistencia ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

- Recoméndase o uso dos recursos da Biblioteca para a preparación desta materia, así como consultar os materiais e anuncios que se fagan a través da plataforma FAITIC.

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

*As metodoloxías colaborativas (obradoiro e aprendizaxe colaborativa) serán substituídas por resolución de problemas de forma individual na medida do posible.

* Mantéñense o resto da metodoloxías, que se implementarán de forma similar mediante as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (Campus Remoto, FAITIC, e-mail).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Mantéñense o tipo de probas de avaliación e as porcentaxes, que se implementarán mediante as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (Campus Remoto, Fatic, e-mail): supervisión visual da proba mediante Campus Remoto. As probas estarán dispoñibles vía FAITIC mediante formularios electrónicos/documentos descargables.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.
